



Campanha de difusión das Empresas de Inserción Laboral

Asociación
Plataforma
polo Emprego



Servizo de Promoción das Empresas de Inserción Laboral

Busca impulsar a creación de Empresas de Inserción como modo de loita contra a exclusión social e ferramenta de inserción laboral das persoas en situación ou risco de exclusión social.

Empresas de Inserción:

Santiago de Compostela:



981 580 506



881 957 452

Galicia:

-AGROBROCAL
-CORMO INTEGRAL
-EIL GRUPO DILL
-EMPRENDE OURENSE
-INSERGAL
-SERCOGA
-SERVIPERTU LIMPIEZA
-TEXTIL CÁRITAS OURENSE
-WORKAND PEOPLE

Actividades a desenvolver:

Campanha de información e sensibilización:

- ❖ **Seminario dirixido a entidades de iniciativa social:** Centro Sociocultural Fontiñas o 22/02 de 10 a 12,30hs.
- ❖ **Charla-Coloquio dirixida ao movemento veciñal:** Centro Socio-Cultural A Trisca o xoves 24/02 ás 19 hs.
- ❖ **Exposición fotográfica:** dende o 24/02 ata o 10/03/2011 no Centro Socio-Cultural A Trisca.
- ❖ **Encontro- Presentación co tecido empresarial e a organizacións sindicais**
- ❖ **Conferencia Clausura con Sra Carmen Avendaño e Sr Ignacio Bedoya.** Xoves 10/03/2011 no Centro Social Caixanova Santiago de Compostela.

Mais información

Rúa Concheiros nº 33, 1º, 5703, Santiago de Compostela

Telfs: 981 580 506

E-mails: info@plataformapoloemprego.org

As Empresas de Inserción Laboral

A **Asociación Plataforma polo Emprego** xunto co **Concellaría de Promoción Económica, Emprego, Comercio e Turismo** do Concello de Santiago de Compostela queren promover dende o mundo da empresa,, das entidades sindicais e do tecido asociativo (tanto de iniciativa social coma veciñal) un lugar de encontro no que poidan debater sobre a figura das Empresas de Inserción Laboral coma ferramenta de promoción do emprego e loita contra a exclusión social.

Obxectivos

- ❖ Sensibilizar sobre a figura das empresas de inserción laboral e a inserción sociolaboral.
- ❖ Dar a coñecer a realidade das empresas de Inserción laboral e das súas entidades promotoras na actual situación do mercado de traballo.
- ❖ Potenciar a participación do empresariado, das organizacións sindicais e do tecido asociativo de Santiago de Compostela no desenvolvemento e consolidación da figura das empresas de inserción laboral.
- ❖ Apoiar a creación de novas empresas de inserción laboral e promover novos proxectos xeradores de emprego dentro do ámbito da exclusión social.

Concepto Empresa de Inserción Laboral

“Son aquelas estruturas produtivas de bens ou servizos que teñen como finalidade primordial do seu obxecto social a incorporación ao mercado laboral de persoas en risco ou situación de exclusión social, proporcionándolles un traballo remunerado e a formación e acompañamento precisos para mellorar as súas condicións de empregabilidade e facilitarlles o acceso ao mercado laboral ordinario”.

Son estruturas produtivas (empresas)

Promovidas por organizacións sen ánimo de lucro que traballan no ámbito da inclusión social e que se incorporan ao mercado producindo bens ou ofrecendo servizos contratando para elo a persoas en situación de exclusión ou risco de sufrila.

Son unha ferramenta de inclusión social

O seu fin social último non é o económico senón a integración das persoas en risco ou situación de exclusión no mercado laboral ordinario de traballo a través dun proceso temporal de aprendizaxe das habilidades técnicas dun posto e das habilidades básicas sociais e laborais.

Características das E.I.L.

Actuacións de inserción

Deben desenvolver actuacións de inserción que proporcionen ás persoas traballadoras en inserción medidas de apoio personalizadas consistentes en:

- Formación profesional
- Adquisición de hábitos sociais de traballo
- Acompañamento social

Forma Xurídica

- Sociedades mercantís (SL, SA)
- Sociedades laborais (SLL, SAL)
- Sociedades cooperativas

(Legalmente constituídas e que cumpran os requisitos da lexislación sobre E.I.L.)

Entidades Promotoras

Poden ser promotoras de empresas de inserción laboral:

- Entidades ou corporacións de dereito público
- Entidades sen ánimo de lucro
- Fundacións

Que teñan no obxecto social a inserción social de persoas en situación ou risco de exclusión social e participen coa seguinte de participación mínima no capital social:

- 51% para sociedades mercantís

Número de traballadores en inserción

- Mínimo do 30% respecto ao total do cadro en cómputo anual, (agás os límites específicos para S.coops e de S.laborais)
- Nunca menos de 2, agás empresas de 4 ou menos traballadores que terán polo menos 1.

(Para acreditar a % indicada computaranse tanto os traballadores por conta allea como os socios traballadores. Deben entenderse en cómputo horario de xornada completa)

Outros requisitos

- Non ter vinculados os balances, as contas de resultados e o patrimonio a actividades económicas distintas das do obxecto social
- Aplicar o 100% dos resultados ou dos excedentes dispoñibles de cada exercicio económico á mellora ou ampliación das estruturas produtivas e de inserción de E.I.L., ou a programas de inserción sociolaboral das entidades promotoras

Persoas traballadores en inserción

A inserción sociolaboral a través das E.I.L. está dirixida a persoas desempregadas en situación ou risco de exclusión social, nas que concorran un ou varios factores de exclusión